



ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TECNICO MEDIO PARA A REALIZACION DE TAREFAS DE INFORMACION TURISTICA NA OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE TUI

Mediante Resolución Alcaldía de data 14/05/2018 se aprobou a convocatoria e bases de selección cuxo contido é o seguinte:

" CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TECNICO MEDIO PARA A REALIZACION TAREFAS DE INFORMACION TURISTICA NA OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE TUI, co seguinte articulado:

1.- ANTECEDENTES:

Vista a Resolución de 02 de xaneiro de 2018 da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia, pola que se regula a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para os concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto, e setembro para o ano 2018.

O Concello de Tui solicitou o abeiro da Resolución de 02/01/2018 unha "subvención destinada a financiar a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto, e setembro para o ano 2018". Con data de rexistro de entrada neste Concello 2018-E-RC-3212 de data 18/04/2018 se notifica a resolución de concesión de subvención para a contratación dun traballador o Concello de Tui.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O obxecto das presentes bases é proceder á selección dun/ dunha técnico/ a para a realización de tarefas de información, animación e promoción turística na oficina de Turismo do Concello de Tui, para a súa contratación laboral temporal de duración determinada por un **período de 3 meses, e coa data máxima de finalización en calquera caso o 15 setembro de 2018.**

As persoas contratadas deberán prestar os seus servizos a tempo completo, en horario a determinar segundo as necesidades do servizo. As retribucións brutas serán de 1.358,03 euros mensuais, incluíndo salario e prorateo de pagas extras. Os contratos de traballo serán temporais de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado. A xornada de traballo establecerase posteriormente pola



EXCMO. CONCELLO DE TUI

concellería delegada en función das necesidades do servizo, podendo comprender xornada de mañá e/ou tarde.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

1- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia.

2- Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

3- Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

6- Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo ou titulación equivalente.

7- Ter ingresado na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias o importe en concepto de dereitos de exame segundo o disposto na ordenanza reguladora correspondente.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

4- PROCESO DE SELECCIÓN : O procedemento de selección será o de concurso-oposición

A) FASE DE CONCURSO: (puntuación máxima 2 puntos).

A puntuación acadada suporá o 20% da puntuación máxima total a acadar polos aspirantes no proceso de selección.

Procederase a avaliar os méritos achegados por cada aspirante de acordo ao seguinte baremo:

- Experiencia profesional:

Por servizos prestados na administración pública en posto igual ou similar ao convocado: 0,05 puntos por mes completo. A experiencia profesional acreditarase mediante copia compulsada dos **contratos e vida**



EXCMO. CONCELLO DE TUI

laboral debidamente documentada ou certificación de órgano competente que indique con claridade a experiencia profesional no posto de traballo semellante co obxecto do contrato.

Os méritos non xustificadas documentalmente ou, xustificadas insuficientemente non serán obxecto de valoración por parte do Tribunal de selección.

B) FASE DE OPOSICIÓN:

Esta fase suporá o 80% da puntuación total a acadar polos aspirantes no proceso de selección, e consistirá na realización das seguintes probas, que se realizarán na mesma sesión:

.- Primeiro exercicio: (Obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico).

Consistirá en contestar por escrito a unha serie de preguntas ou a un cuestionario tipo test, de preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa establecido no anexo I da convocatoria, durante un período de tempo que será determinado polo Tribunal antes do inicio deste exercicio. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

.-Segundo exercicio: (obrigatorio e non eliminatorio)

Este segundo exercicio, consistirá na tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán, determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que puntuarase de 0 a 3, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.

Estarán **exentos** da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán os 3 puntos. Aos efectos de quedar exentos da realización desta proba os aspirantes achegarán xunto coa instancia, copia cotexada do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega aos cales se lles asignará nesta proba 3 puntos.

5- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Tui ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **7 días hábiles** dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra. No suposto de presentarse a instancia fora do Rexistro Xeral do Concello, será necesario remitila por correo



EXCMO. CONCELLO DE TUI

electronico a secretaria.persoal@concellotui.org, o mesmo día da súa presentación, para que sexan incluídos na listaxe de admitidos. Xunto á instancia achegáranse os seguintes documentos:

*Copia do DNI.

*Copia do xustificante de ter aboado os dereitos de exame.

* Copia do título de Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo ou titulación equivalente.

*Copia do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega, aos efectos de quedar exento da realización da proba de galego.

*Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co baremo establecido na base 4.A), da presente convocatoria.

6- LISTAXES PROVISIONAIS E DEFINITIVAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o concelleiro delegado , no prazo máximo de 1 mes, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electronica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello, así como na páxina web do mesmo (www.concellotui.org), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do Tribunal, o lugar, a data e a hora de realización dos exercicios.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **tres días hábiles** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que publicárase na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Tui.

7- SELECCIÓN DOS CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias o Tribunal formado como prescribe o artigo 60 do RDL 5/2015, do 15 de outubro procederá a efectua-la selección conforme se describe no punto 4º destas bases.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente en todo caso, o presidente e o secretario ou quen legalmente os substitúa.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo.

O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no que non estea disposto, seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público como na demais normativa de aplicación.

8- CUALIFICACIÓN FINAL.

Rematado o proceso de selección o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación e proporá ao Sr. alcalde para a súa contratación ás tres persoas que encabecen a relación do proceso selectivo. En caso de empate na devandita relación, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

**-primeiro: a maior puntuación obtida na fase de oposición;*

**-segundo: a maior puntuación obtida en la valoración dos méritos da fase de concurso, e*

**-terceiro: de persistir o empate resolverase por sorteo.*

Logo da proposta definitiva do Tribunal, o alcalde ditará Resolución para a contratación das persoas propostas polo Tribunal, que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello de Tui e na súa páxina web, www.concellotui.org. Contra a Resolución definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, dende a súa publicación, ou directamente, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso administrativa, dende o día seguinte á publicación do mesmo.

9- CONTRATACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS

No prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación no Taboleiro de Edictos do Concello da relación, o aspirante proposto deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas Bases para acceder ó posto de traballo, así como realizar o preceptivo curso de prevención de riscos laborais, perdendo os seus dereitos se así non o fixera.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o concelleiro delegado queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

10- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

11- RECURSOS.-

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO: Publicar anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante esta Concellería delegada, e no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

Tui a data segundo sinatura electrónica

O Alcalde, Carlos Vazquez Padín